



Resolución adaptación e interpretación plano de estudos de Enxeñería Química 2003

O Consello de Coordinación Universitaria por acordo da Comisión Académica do 17 de xuño de 2003 homologou o plano de estudio de Enxeñería Química que se implantará no curso 2003/2004. Este plano de estudos substitúe o plano de estudos aprobado en 1994.

O plano de estudos homologado establece que a Universidade, trala consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o seu desenvolvemento e de xeito especial no que se refire ás adaptacións non previstas. Tamén as Normas de Xestión Académica establecen que as interpretacións dos planos de estudio son competencia do rector, que dictará as resolucións oportunas logo da consulta ó centro, polo que ó abeiro de todo ilo

RESOLVO

Primeiro.- O plano de estudos de Enxeñería Química de 2003 implantarase atendendo ó seguinte calendario: curso 2003/2004 implantación do primeiro ciclo e curso 2004/2005 implantación do segundo ciclo. De acordo con esta implantación e ó abeiro da normativa vixente o primeiro ciclo extinguirase no curso 2005/2006 e o segundo ciclo no curso 2006/2007, últimos anos con dereito a exame para os alumnos que non se adapten ó novo plano de estudos.

Segundo.- Os alumnos poderán adaptarse ó plano de estudos por Ciclo ou materia por materia segundo á táboa de adaptacións que figura como ANEXO a esta resolución, logo da súa implantación íntegra.

Terceiro.- As materias troncais integramente superadas polos alumnos no plano de 1994 deberán adaptarselle ó plano 2003.

Cuarto.- As materias optativas e obrigatorias que se adapten perden a vinculación ó ciclo podendo os alumnos vencellalas tanto o primeiro ciclo como o segundo ciclo, agás na adaptación por ciclo na que os alumnos deberán ter cursados tódolos créditos troncais, obrigatorios, optativos e de libre elección para poder realizar a adaptación por ciclo.

Quinto.- As materias superadas polo alumno no plano de 1994 que non teñan equivalencia no plano 2003 adaptaranse como créditos optativos ou de libre elección co mesmo nome e número de créditos. Estas materias adaptadas poderán vincularse a algunha orientación das establecidas no plano de estudos en función da área de coñecemento á que está vinculada a materia, logo do informe do centro.

Sexto.- Cando unha materia do plano 2003 teña como equivalencia a dúas ou máis materias do plano de 1994 todas elas han de estar aprobadas para poder adaptarse. De non ser así, as materias superadas terán a consideración de materias optativas de primeiro ou segundo ciclo, podendo computarse como optativas ou libre configuración a elección do alumno.

Séptimo.- No caso de que un alumno non teña necesidade de computa-la totalidade dos créditos dunha determinada materia optativa para completa-la optatividade estipulada no plano de estudos poderá computar ese exceso como créditos de libre configuración.

Santiago de Compostela 18 de xullo de 2003

O Rector

Senén Barró Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Director de Enxeñería Química Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA do Campus Sur, Sr. Responsable Académico do SEIN e Sr. Director do COIE.



TÁBOA DE ADAPTACIÓNS

MATERIAS PLANO 1994	Créditos	MATERIAS PLANO 2003	
101 Álgebra	4.5	Álgebra	4.5
102 Cálculo I	4.5	Cálculo Diferencial	4.5
115 Química Básica (ob)	6	Química Básica (ob)	8
106 Laboratorio de Química Básica	2	Laboratorio de Química Básica (l.Conf.)	2
105 Física I + 113 Laboratorio de Física (ob) ou 105 Física I 109 Técnicas Experimentais en Física	6 3 3	Fundamentos Físicos da Enxeñería	9
113 Laboratorio de Física (ob)	3	Laboratorio de Física (op. ou l.Elec.)	2
109 Técnicas Experimentais en Física	3	Técnicas Experimentais en Física (op. ou l. Elec.)	3
114 Linguaxes e S. Comput (ob)	3	Fundamentos de Computación (ob)	6
104 Estatística	4.5	Estatística	4.5
103 Cálculo II	4.5	Cálculo Integral	4.5
108 Química Inorgánica	6	Química Inorgánica	7.5
111 Física II (ob)	6	Física II (ob)	6
112 Introducción a Enx. Química (ob)	6	Fundamentos Enx. Química I (ob)	4.5
107 Laboratorio Química Inorgánica 204 Laboratorio Química Analítica	2 2	Laboratorio Química I	6
211 Ecuacións Diferenciais	6	Ecuacións Diferenciais	6
202 Fundamentos de Enxeñería Química	6	Fundamentos de Enxeñería Química II	4.5
206 Química Analítica	6	Química Analítica	6
214 Termodinámica . Química (ob)	6	Termodinámica Química (ob)	6
201 Debuxo Técnico	6	Expresión Gráfica	6
212 Fenómenos de Transporte (ob)	6	Operacións Básicas da Enxeñ. Química(T)	6
208 Química Orgánica I	6	Química Orgánica I	6
207 Química Física	6	Química Física	6
203 Laboratorio de Fenóm. de Transporte	6	Laboratorio de Fenóm. de Transporte	6
205 Laboratorio Química Física + 303 Laboratorio Química Orgánica	2 2	Laboratorio Química II	6
213 Laboratorio Termodinámica Química (ob)	2	Laboratorio Termodinámica Química (l. Conf.)	2
304 Termod. Aplic. Enx. Química.	6	Termodinámica . Aplic. Enx. Química	6
306 Transporte Fluídos	6	Transporte Fluídos	6
313 Química Orgánica II	6	Química Orgánica II (ob)	4.5
312 Inglés Técnico	3	Inglés Técnico (Op. ou l. Elec.)	3
301 Cinética Química Aplicada	4.5	Enxeñería da Reacción Química	6
305 Transmisión de Calor	4.5	Transmisión Calor	6
311 Ciencias Materiais	6	Ciencias Materiais (ob)	4.5
302 Lab. Fluídos e . Calor	6	Lab. Trans. Fluídos . E Transm. Calor	6
402 Enxeñería Reaccións Químicas I	6	Reactores Químicos	6
406 Transferencia Materia I	6	Transferencia Materia I (Ob)	6
401 Econ. e Org. Industrial	6	Economía. e Org. Industrial	6
404 Lab. Transf. Materia	6	Lab. Operacións Básicas	6
411 Enxeñería . Reacc. Quím. II	6	Reactores Heteroxéneos e Catalíticos	4.5
412 Transferencia Materia II	6	Operación de Separación (t)	6
405 Simulac. Optimiz. Procesos Químicos	6	Simulac. E Optimiz. Procesos Químicos	6
403 Lab. Enxeñería Reacción . Quím.	6	Lab. Reactores Químicos	6



502 Desenvolvemento de Proxectos	6	Proxectos (T)	6
503 Procesos de . Quím. Industrial	6	Proc. Química Industrial (T)	6
501 Control e Instrumentación	6	Control e Instrumentación de Procesos Químicos. (T)	6
504 Resistencia de Materiais	6	Deseño de Equipos e Instalacións (T)	6
505 Seguridade e Hixiene	3	Seguridade e Hixiene Industrial (T)	4.5
506 Tecnoloxía Medio Ambiente.	6	Tecnoloxía do Medio Ambiente. (T)	6
322 Aplicacións Inf. Enx. Química	6	Aplicacións . Informáticas. Enx. Química (op)	6
321 Análise Instrumental	6	Técnicas Instrumentais (ob)	6
323 Métodos Numéricos	6	Métodos Numéricos (op)	6
424 Tecnoloxía da Madeira	3	Tecnoloxía da Madeira (op)	4.5
425 Tecnoloxía Mat. Cer. e Refrac.	3	Tecnoloxía Cerámica (op)	4.5
426 Termotecnia	6	Termotecnia (op)	6
421 Control de Calidade	3	Control e Xestión Calidade (op)	4.5
422 Enx. Bioquímica	6	Enxeñería Bioquímica (op 5º)	4.5
423 Simulación Proc. Ind.	3	Simulación Equipos e Procesos. (op)	4.5
523 Control de Procesos	6	Control de Procesos (op)	4.5
524 Enxeñería Ambiental	6	Tratamento de Augas (op)	4.5
		Lab. Enxeñería. Ambiental (op)	4.5
525 Metalurxia	4.5	Metalurxia (op)	4.5
527 Petroquímica	4.5	Petrol. Tec. Polímeros (op)	
Proxecto Fin de Carreira		Proxecto Fin de Carreira	